



CCOO INFORMA N.º4

NOVIDADES SOCIOLABORAIS 2023

- O IPREM terá as seguintes contías:

	SMI	IPREM
MENSUAL	1000,00 €	600,00 €
ANUAL	14 000 € (14 pagas)	7200,00 €

- As contías das prestacións por desemprego serán as seguintes:

Contía mínima prestación contributiva	Euros
Sen fillos/as (80 % do IPREM)	560,00 €
1 fillo/a ou máis (107 % do IPREM)	749,00 €
Contía máxima prestación contributiva	
Sen fillos/as (175 % do IPREM)	1225,00 €
1 fillo/a (200 % do IPREM)	1400,00 €
2 fillos/as ou máis (225 % do IPREM)	1575,00 €

Contía subsidio por desemprego (*) e RAI	
80% IPREM	480,00 €
Renda máxima de acceso ao subsidio e RAI	
75% SMI	750,00 €

- Elévase a contía da prestación contributiva por desemprego do 50 ao 60 % da base reguladora a partir do día 181 da percepción da prestación.
- Entra en vigor o incentivo ao emprego para perceptoras de ingreso mínimo vital (IMV), que se calcula de oficio cando se incorporen ao mercado laboral ou aumenten o número de horas de traballo, no caso de teren xa actividade laboral.

- As contías do IMV para 2023 serán as seguintes:

Unidade de convivencia	Euros / ano	Euros / mes
Dous adultos e un menor	9439,36 €	786,61 €
Dous adultos e dous menores	11 209,24 €	934,04 €
Dous adultos e tres ou máis menores	12 979,12 €	1081,59 €
Tres adultos	9439,36 €	786,61 €

- As contías da RISGA para 2023 quedan da seguinte maneira:

Número persoas que conviven	Euros / mes
1 (ingreso mínimo)	469,2 €
2 (ing. mínimo + 14,6% IPREM)	556,8 €
3 (ing. mínimo + 27,1% IPREM)	631,8 €
4 (ing. mínimo + 37,5% IPREM)	694,2 €

- Incrementábase o tope máximo da base de cotización á Seguridade Social ata os 4495,50 euros mensuais. Os tipos de cotización do réxime xeral da Seguridade Social non se modifican con respecto aos aplicables no 2022.
- Regúlase o novo mecanismo de equidade interxeracional, que supón a aplicación dun 0,6 % (0,5 % a cargo de quen emprega e 0,1 % a cargo do traballador ou traballadora) adicional á base de cotización por contingencias comúns nas situacións de alta ou asimiladas á de alta nas que exista obriga de cotizar para a cobertura da pensión de xubilación.
- Nos contratos para a formación e a aprendizaxe e nos contratos de formación en alternancia, as cotas únicas por cada día traballado serán as do ano 2022, incrementadas na mesma proporción que tivo o SMI.
- Desenvólvese o novo sistema de cotización do réxime especial de traballadores/as autónomos, que inclúe as bases de cotización en función dos tramos de rendementos netos do autónomo ou autónoma.
- En materia de pensións, para o exercicio 2023 establécese con carácter xeral unha revalorización media das pensións igual ao incremento do IPC nos doce meses previos a decembro de 2022, que non van poder superar o límite máximo fixado para o ano 2022 (2819,18 euros ao mes), incrementado na mesma porcentaxe que experimente o IPC nos doce meses previos a decembro de 2022.

- De acordo con esta fórmula, as pensións en 2023 revalorizaranse un 8,5 %, tendo en conta que a inflación media interanual decembro 2021-novembro 2022 se situou nun 8,46 % (a porcentaxe redondeouse nun 8,5 %).

- Cambios na idade ordinaria de xubilación:

En 2023, a idade legal de xubilación ordinaria atrásase dous meses respecto de 2022. A idade de xubilación no 2023 será aos 66 anos e 4 meses cando se dispoña de menos de 37 anos e 9 meses de cotización.

En cambio, en caso de acreditar 37 anos e 9 meses ou máis de período cotizado, é posible xubilarse con 65 anos.

O atraso da idade legal de xubilación ordinaria afectará tamén á idade mínima de xubilación anticipada voluntaria (é posible xubilarse anticipadamente de forma voluntaria ata 24 meses antes da idade legal ordinaria de xubilación) e á de xubilación anticipada involuntaria (ata 48 meses —4 anos— antes da idade legal ordinaria):

- ✓ Para xubilarse anticipadamente de forma voluntaria no ano 2023 será necesario ter polo menos unha idade de 64 anos e 4 meses en caso de contar con menos de 37 anos e 9 meses de cotización.

En cambio, será posible acceder á xubilación anticipada voluntaria a partir dos 63 anos en caso de ter cotizados 37 anos e 9 meses ou máis.

- ✓ Será posible acceder á xubilación anticipada involuntaria en 2023, a partir dos 62 anos e 4 meses se contan con menos de 37 anos e 9 meses de cotización, ou ben a partir dos 61 anos se acumulan eses 37 anos e 9 meses ou máis de cotizacións.

- As persoas que accedan á xubilación no ano 2023 terán que contar con 36 anos e 6 meses ou máis cotizados para teren dereito a percibir o 100 % da base reguladora.